FEGABA
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

CIRCULAR Nº 6

Inscrición de equipos · competicións 2ª División Junior, Cadete e Infantil.

TEMPORADA 2026 – 2027

DESTINO Delegacións Zonais, Clubs

ASUNTO Inscricións dos equipos participantes en competicións 2ª División junior, cadete e infantil masculina e feminina.

PRAZO LÍMITE DE INSCRICIÓN

2 e 3 de setembro de 2026 ás 13:00 h

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finalizan os vindeiros días 2 e 3 de setembro de 2026 ás 13:00 horas.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo deberán inscribirse vía intranet e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación:

Plataforma de inscrición: **fegaba.gesdeportiva.es/clubes**

- **Depósito inicial ou aval bancario:** xustificante do ingreso bancario a nome da FGB polo importe correspondente, ou aval bancario segundo o modelo axunto.
- **Cota de afiliación:** a inscrición domiciliarase a través de recibo bancario.

As datas do 2 e 3 de setembro ás 13:00 h. é improrrogable para presentar esta documentación. Chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado.

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 1103-26
Fecha 16/07/2026
Dpto. SECRETARIA

CONTÍAS POR CATEGORÍA

CATEGORÍA	C. AFILIACIÓN	DEPÓSITO / AVAL	DATA LÍMITE
Liga 2ª División Junior	61,00 €	**300,00 €**	**02.09.26**
Liga 2ª División Cadete	39,00 €	**300,00 €**	**03.09.26**
Liga 2ª División Infantil	26,00€	**300,00€**	**03.09.26**

O Comité de Actividades da Federación Galega, na súa reunión, decidirá en base ás solicitudes de inscrición os equipos que participarán nas categorías de 2ª División junior, cadete e infantil masculina e feminina.

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido desta circular entre aqueles que puideran estar interesados.

Por outra banda, pedimos tamén a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía web, revisen e constaten as mesmas a través das respectivas Delegacións, dentro dos prazos establecidos e seguindo o indicado na presente circular, co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2026

Susana Fernández Fiuza
Directora Xeral · FGB